

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 23 DE XULLO DO 2024.

Sesión 12/2024-P

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p style="text-align: center;"><small>Grupo Sadamaioría (SM)</small></p> <p>D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña</p> <p style="text-align: center;"><small>Grupo Unidos por Sada (UPSA)</small></p> <p>D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;"><small>Grupo Partido Popular de Sada (PP)</small></p> <p>D^a Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)</p> <p style="text-align: center;"><small>Grupo Mixto (GM)</small></p> <p>D^a. Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente») D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p> <p style="text-align: center;"><u>NON ASISTE</u></p> <p>D. Sergio García López (UPSA)</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 22.00 horas do día martes 23 de xullo do 2024, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria do Pleno por así telo solicitado cinco concelleiros de diferentes grupos municipais (2 UPSA), 2 PP e 1 GM-PSOE) o 08 de xullo do 2023, prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p>
--	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno extraordinario do Concello de Sada, convocado a petición da cuarta parte do número legal de membros, con dous puntos da orde do día.

1º.- DEBATE SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL DAS CONTRATACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SADA.

Antes de que se tomase a palabra pola concelleira asinante da solicitude do pleno pide a palabra o sr. Villar e o alcalde cédella para dicir:

“A cuestión ou aclaración, neste caso, que preciso, pois, bueno ao coñecer a orde do día do pleno extraordinario vexo que no seu primeiro punto di exactamente “DEBATE SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL DAS CONTRATACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE SADA” entendo eu, polo menos entendemos nós, que o debate non é un punto como tal, senón que realmente é algo inherente aos puntos que normalmente se traen xa de feito a aprobación plenaria e que en todo caso serían puntos que deberían ser sometidos a votación polo tanto con esa posibilidade de chegar ou non chegar a algún tipo de acordo. Chámame a atención que dadas as observacións que recibimos nos últimos tempos acerca do contido das mocións e que en realidade deberían ser presentadas como rogos temos hoxe ante nós un punto no que, penso eu, difícilmente imos poder votar algo, así

que pregaríalle á secretaria municipal se nos pode aclarar se este primeiro punto vai ser sometido a algún tipo de ditame por parte do pleno ou non cabe tal opción”.

A secretaria sinala que ao plantexar unha cuestión de orde se lle pode dicir o artigo no que se basea.

O sr. Villar di que non o coñece.

A secretaria di que non procede a cuestión de orde.

E o sr. Villar di se a consulta.

A secretaria dille que lle pregunte aos que o propoñen.

A sr. Arias di que do que se trata é de debater no primeiro punto e no segundo punto procederase á votación.

O sr. Alcalde chama a atención ao sr. Villar e cédelle a palabra á sra. Arias.

Consta no expediente a solicitude do grupo de concelleiros que instaron á sesión, presentada o pasado día 08 de xullo do 2024 (NRE 202499900003857), que a continuación se reproduce literalmente:

«Solicitude de pleno extraordinario sobre o estado da contratación municipal.

Os concelleiros : Dª Esperanza Arias Ferreiro, D. Fernando España López, (Partido Popular), Dª Almudena Pena Álvarez (PSdeG-PSOE), Dª María Nogareda Marzoa, Dª María Soraya Salorio Porral (UPS) asinamos esta solicitude, dacordo co dereito que nos confire o Regulamento Orgánico do Concello de Sada no seu artigo 42, cuio teor literal dí:

Artigo 42.- "O Pleno celebra sesión extraordinaria cando así o decida o Alcalde ou o solicite a cuarta parte, alomenos, do número legal de membros da Corporación, sen que ningún concelleiro poda solicitar máis de tres anualmente. Neste último caso, deberá ser convocada polo Alcalde dentro dos tres días hábiles seguintes á súa petición a través do Rexistro Xeral e a celebración do mesmo non poderá demorarse por máis de quince días hábiles desde que fose solicitada, non podendo incorporarse o asunto á Orde do Día dun Pleno ordinario ou de outro extraordinario con máis asuntos, se non o autorizan os solicitantes da convocatoria. Se o Presidente non convocase o pleno extraordinario solicitado polo número de concelleiros indicado dentro do prazo sinalado, quedará convocado para o décimo día hábil seguinte ao de finalización de dito prazo, o que será notificado polo Secretario da Corporación a todos os membros da mesma ao día seguinte ao de remate do prazo citado anteriormente. En ausencia do Presidente ou de quen legalmente deba substituílo, o Pleno quedará constituído sempre que concorran alomenos un terzo do número legal de membros do mesmo, e será presidido polo membro da Corporación de maior idade entre os presentes."

EXPOÑENDO OS SEGUINTE MOTIVOS:

Esta iniciativa nace ante a necesidade de dedicarlle un tempo e traballo específico e urxente o estado das contratacións do concello para realizar diversos servizos recurrentes e necesarios para o mesmo, moitos deles sen licitar, outros en precario ou non cumprindo o acordado, como advirten reiterativamente os informes de Secretaría e Intervención. O obxecto é a mellora da estabilidade e xestión presupuestaria do Concello, identificando carencias nas contratacións municipais, aportando entre todas medidas para cubrilas, solucionar os erros atopados e optimizar o control e seguimento dos servizos contratados polo concello dentro das márxenes da lexislación vixente. Por todo iso, as concelleiras e concelleiros dos distintos grupos que suscriben

SOLICITAN:

PRIMEIRO.- Convocar un **PLENO EXTRAORDINARIO** nos termos legais e reglamentarios anteriormente expostos.

SEGUNDO.- Incluír na **ORDE DO DÍA** de esta sesión extraordinaria, os seguintes asuntos:

1. Debate sobre a situación actual das contratacións municipais do concello de Sada.

2. Inicio dos expedientes de contratación de competencia de pleno. Proposta de acordo: Primeiro. Iniciar os expedientes de contratación de competencia plenaria que estean vencidos ou cuxo vencemento se vaia producir ao longo do 2024 ou 2025. Segundo. Incorporar a cada expediente de contratación os seguintes documentos:

- Memoria xustificativa.

- Informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do presuposto vixente, aos efectos de determinar a competencia do órgano para contratar.

- Retención do crédito correspondente.

- Prego de cláusulas administrativas particulares, co correspondente cadro de características.

- Prego de prescricións técnicas particulares.

- Informe de Secretaría.

- Informe de fiscalización previa de Intervención.

TERCEIRO.- Que se incorpore a documentación de todos os contratos vencidos ou próximos a vencer no 2024 e 2025 de competencia plenaria ao expediente da sesión extraordinaria para facilitar ao pleno a adopción dos acordos sinalados, así como a listaxe de gastos das cinco últimas anualidades de contratacións que non se licitaron, como por exemplo: suministros de materiais para obras, suministro de combustible, carpas, etc... ».

Toma a palabra a sra. Arias Ferreiro (PP), quen logo de dar lectura a parte do anterior escrito fai unha exposición xeral, abríndose un debate no que se expoñen as distintas posicións para os efectos e o sr. Alcalde dille que leva 17 minutos e a normativa sinala 5.

A continuación, intervén o sr. Graña Mosquera (GM-BNG) para dicir que ten a sensación de que van a estar entre eles botándose os trastos á cabeza e non sabe se chegarán a algo. Di que cre necesario licitar contratos que están e prórroga pero non ten nada claro se sairá algo de alí porque é moi vago o plantexamento do pleno. E el todo o que sexa mellorar a xestión municipal aí estará o BNG para votar a favor.

A sra. Pena Álvarez (GM-PSOE) di que do pleno o acordo realmente ten que ser que hai que poñerse ao día, xa que se trata dun vicio tan grande que hai no Concello que hai que solucionalo xa. Expressa que a conclusión, logo de votar por enriba un ollo á documentación do pleno, que sempre están fóra da legalidade, polo que o que se pretende co pleno é poñerse ao día e imaxina que incluso intervención tamén o agradecerá porque se lle facilitará o traballo. Pregunta en que licitacións estase a traballar no Concello nese momento.

O sr. Alcalde resposta que tería que mirar e hai bastantes que non e moitas que si: escola infantil, SAF, e non quere entrar nese debate, xa que despois falarán mais pormenorizadamente.

A sra. Pena Álvarez (GM-PSOE) insiste en que licitacións estase a traballar.

O sr. Alcalde di que no punto 2 tratarase cales son de pleno, cales de XGL, cales de alcaldía, cales están con informe e o que hai de cada cousa, entende que as intervencións non foron con precisión falando de contratos.

O sr. España López (Chano) (PP) e dille ao sr. Villar que eso non é unha cuestión de que se voto, que iso se chama democracia e os grupos da oposición teñen que facer unha labor que se chama fiscalizar ao goberno e se teñen que traer eso ao pleno é porque lles obrigaron a facelo. Di que calquera xestión que se chame eficiente ten que basearse en recursos económicos e en recursos humanos, tanto na empresa privada como nas administracións públicas. Recorda que o primeiro que hay que ter é unha previsión e se a tiveran non estarían levando recoñecementos extraxudiciais, así como que un concello que cae en morosidade é un concello pouco competitivo. Céntrase no contrato de xardiñería e remarca que o lote 1 (núcleo urbano) a empresa renunciou no 2023 e realizase unha resolución de alcaldía na que se di que estase a traballar nunha nova licitación, pregunta se leva un ano e tres meses unha licitación, e recórdalle ao sr. Fariña que no contrato lote 1 ten que facer a labor de plantación que estaba a facerse polo Concello, segundo dixo. Respecto ao contrato de limpeza viaria e praias tiña 20,5 persoas adicadas e a día de hoxe non chegan a 11. Pregunta porque non se esixe que se cumpran a raxatabla os contratos. Recorda que é urxentísimo que o 30 de xullo a empresa que xestiona a limpeza de edificios municipais extingue a súa relación e pregunta se en dous anos non houbo tempo a licitar ese contrato.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA) que sinala que o punto do pleno é claro, é un debate, e hai unha rostra de documentos pero non hai nada actualizado do que se está a facer. Insiste en preguntar cales e cantas son as licitacións que están abertas e nas que se está traballando.

O sr. Alcalde di que non a interrompe.

A sra. Nogareda pídelle que conteste.

O sr. Alcalde di que cando pasen ao seguinte punto.

A sra. Nogareda insiste en que a pregunta é moi clara.

O sr. Alcalde di que cando se pase ao punto seguinte explicará todo.

A sra. Nogareda (UPSA) aclara que o punto seguinte é para tratar sobre os contratos competencia de pleno, e no actual estase a debater sobre todos os contratos.

O sr. Alcalde di que xa interviron todos os grupos excedéndose do tempo establecido o ROM e xa se pode pasar ao seguinte punto.

A sra. Nogareda (UPSA) pregunta en que artigo do ROM se basea.

O sr. Alcalde di que no 68 do ROM.

A sra. Nogareda (UPSA) insiste en que non está a debater sobre as contratacións, todas, e quere saber en que parte do ROM se establece que no debate non se pode falar deso.

A secretaria intervén para manifestar que teñen dereito, que está vinculado ao control.

A sra. Nogareda (UPSA) di que non lles está dando información sobre os contratos.

Intervén de novo a sra. Arias e a sra. Nogareda (UPSA) sigue preguntando si vai falar da situación actual da contratación e de contratos de competencia de alcaldía e interrompe o sr. Villar López (SM).

O sr. Alcalde di que da lectura ao art. 50.

“Artigo 50.-

1. Se se promove debate, as intervencións serán ordenadas polo Alcalde conforme as seguintes regras:

a) Só poderá facerse uso da palabra previa autorización do Alcalde.

b) Non se admitirá ningunha interrupción a quen estea no uso da palabra, agás por parte do Presidente, para advertirlle que se lle esgotou o seu tempo ou para chamalo á cuestión ou á orde.

c) O debate se iniciará cunha exposición e xustificación da proposta, a cargo dalgún concelleiro da Comisión Informativa que a ditaminara ou, nos demais casos, de algún dos concelleiros que subscriban a proposición, en nome propio ou do colectivo ou órgano municipal proponente da mesma, o cal terá a consideración de concelleiro poñente.

d) A continuación os diversos grupos consumirán unha primeira rolda de intervencións que non excederá de cinco minutos por cada grupo. A presidencia concederá a palabra ó portavoz de cada grupo, quen poderá cedela a outro ou outros membros do seu grupo, e se é o caso, ós concelleiros non adscritos, consonte a letra j) deste artigo.

e) Quen se considere aludido por unha intervención poderá solicitar do Alcalde que lle conceda unha intervención por alusións, que non excederá de dous minutos, para contestar estritamente ás alusións realizadas. Tras el, o autor da alusión poderá replicar durante un máximo de un minuto.

f) Quen considere que a súa intervención foi terxiversada ou mal interpretada, poderá solicitar da Presidencia que lle conceda unha intervención de rectificación que non excederá de dous minutos.

g) Consumida a primeira rolda, o Alcalde pode dar por rematada a discusión, que pechará o concelleiro poñente cunha breve intervención ratificando ou modificando a súa proposta.

h) Se o solicitase algún grupo, se procederá a unha segunda rolda. Terminada esta, o Alcalde pode dar por acabada a discusión que se cerrará cunha intervención do concelleiro poñente no que brevemente ratificará ou modificará o seu proposta. As intervencións desta segunda quenda non poden ter unha duración superior a dous minutos.

i) Os tempos de intervención sinalados, agás os de alusións ou rectificación, poderán ser utilizados por un ou mais membros do grupo, sen exceder en ningún caso do límite establecido.

Transcorrido o tempo establecido, o Presidente retiralle a palabra ao orador, despois de advertirlle por dúas veces que debe concluír a súa intervención.

j) Os concelleiros non adscritos distribuirán por acordo entre eles os tempos de intervención. A falta de acordo, distribuirase proporcionalmente a intervención entre os non adscritos que desexen intervir

2. Tras intervir por dúas veces os grupos que o solicitaran, o Presidente dará por concluso o debate e someterá o asunto a votación.

3. A Presidencia está facultada para amplía-lo número ou duración das intervencións previstas nas anteriores regras, unha vez oída a Xunta de Portavoces e en atención á especial importancia do asunto a tratar”.

A secretaria da lectura ao art. 94.1.d) do ROM *“d) Quien se considere aludido por una intervención podrá solicitar del Alcalde o Presidente que se conceda un turno por alusiones, que será breve y conciso”*, engadindo que o control dos órganos de goberno é un punto obrigatorio dos plenos.

Na segunda quenda de palabra, intervén o sr. Villar López (SM) para dicir que eles poden decidir si interveñen ou e que non ten importancia o que levan e están convencidos que eles non poderían levar a pleno un punto así. Continúan coas intervencións a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), o sr. España López (Chano) (PP), a sra. Arias Ferreiro (PP) e a sra. Nogareda Marzoa (UPSA). Intervén despois do debate o sr. Alcalde falando sobre os contratos e as contías dos mesmos. Interven tamén o sr. España López (Chano), a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), a sra. Ferreiro Arias (PP), a sra. Mouriño Neira (SM), a sra. Nogareda Marzoa (UPSA) e o sr. Interventor.

2º.- INICIO DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE COMPETENCIA DE PLENO.

Consta no expediente a solicitude do grupo de concelleiros que instaron á sesión, presentada o pasado día 08 de xullo do 2024 (NRE 202499900003857), que a continuación se reproduce literalmente:

«Primeiro. Iniciar os expedientes de contratación de competencia plenaria que estean vencidos ou cuxo vencemento se vaia producir ao longo do 2024 ou 2025.

Segundo. Incorporar a cada expediente de contratación os seguintes documentos:

- Memoria xustificativa.
- Informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do presuposto vixente, aos efectos de determinar a competencia do órgano para contratar.
- Retención do crédito correspondente.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, co correspondente cadro de características.
- Prego de prescricións técnicas particulares.
- Informe de Secretaría.
- Informe de fiscalización previa de Intervención».

Interven o sr. Alcalde, a sra. Secretaria e a sra. Arias Ferreiro (PP), sobre cuestións relacionadas cos contratos de xardiñería, limpeza viaria, limpeza de praias si se saca en lotes coa viaria, piscina, gardería, auga, saf e o acordo introducirase como inicio en todos os expedientes de contratos de materia plenaria.

A continuación, procédese á votación de asunto, obténdose o seguinte resultado :

- Votos a favor: 16 (7 SM, 4 PP, 3 UPSA, 1 GM- BNG e 1 GM-PSOE).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Polo que resulta aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Iniciar os expedientes de contratación de competencia plenaria que estean vencidos ou cuxo vencemento se vaia producir ao longo do 2024 ou 2025.

Segundo. Incorporar a cada expediente de contratación os seguintes documentos:

- Memoria xustificativa.
- Informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do presuposto vixente, aos efectos de determinar a competencia do órgano para contratar.
- Retención do crédito correspondente.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, co correspondente cadro de características.
- Prego de prescricións técnicas particulares.
- Informe de Secretaría.
- Informe de fiscalización previa de Intervención.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 23 horas e 31 minutos do día martes 23 de xullo do 2024, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.